



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA
DO CONSELLO SOCIAL DO 25.09.2024**

LUGAR: Sala II do edificio Miralles, campus de Vigo

DATA: 25.09.2024

HORA DE COMEZO: 16:30 h.

HORA DE REMATE: 18:55 h.

Asistentes:

Fernández Zunzunegui, Emilio

Graña Nogueiras, Jesús

Lesmes Romero, Yolanda

Macho Senra, Antonio

Martiño Gómez, Antonio

Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (presidente)

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)



O mércores, día 25 de setembro de 2024, ás 16:30 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (24.06.2024).
2. Informe do presidente.
3. Análise da evolución da conta de ingresos e gastos previa ao peche do exercicio 2024:
 - *Execución de ingresos a data 30.06.2024: previsións iniciais, definitivas e dereitos recoñecidos.*
 - *Execución do capítulo I de gastos a data 31.08.2024 e estimación ao peche do exercicio 2024.*
 - *Execución do orzamento de gastos por capítulo a nivel de concepto diferenciando entre os gastos afectados e non afectados por fondos alleos.*
 - *Informe sobre as medidas adoptadas para a contención do gasto.*
4. Informe sobre as causas da baixada no número de licitacións da Universidade de Vigo.
5. Seguimento da evolución económica das sociedades participadas pola Universidade de Vigo: CUSA, FUVI e CITEXVI.
6. Aprobación, se procede, da participación da UVigo na SpinOff GAL4TIC.
7. Aprobación, se procede, da asignación de complementos de recoñecemento:
 - *ao labor docente e investigador (B-23 - remesa única rectificadora de 24.05.2024).*
 - *á excelencia curricular docente e investigadora (C-23 - remesa única de 02.07.2024).*
 - *polos cargos de xestión (1ª remesa de 10.05.2024; 2ª remesa de 06.06.2024; e rectificación vía recurso da 2ª remesa de 03.07.2024).*
8. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2024.
9. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes, que valora especialmente pola importancia dos asuntos a tratar.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (24.06.2024).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

Juan Manuel Vieites fai unha pequena introdución sobre os temas a tratar nesta comisión, transmitindo á Xerencia a necesidade de contar á maior brevidade co borrador de orzamentos de cara ao exercicio 2025, para garantir que se cumpran os "acordos previos" entre os que se mencionan: a contención do gasto para o uso razoable do pouco remanente de libre disposición existente ao peche do exercicio 2023, a actualización sobre o inventario, e a programación económica plurianual que garanta a estabilidade orzamentaria.



Afirma o obxectivo de “colaborar e ser útiles” ao servizo da xestión orzamentaria da Universidade de Vigo, “en tempos delicados para as universidades”. Sinala a situación de cinco das seis universidades públicas madrileñas, que están “en números vermellos ou case”, cos reitores declarando que cos fondos recibidos non cobren os gastos de persoal e coa Complutense, a universidade presencial máis grande de España, anunciando ás facultades un recorte no gasto dun 30%.

Nesta reunión esperamos conseguir unha imaxe de onde estamos nós, os riscos, as fortalezas e as perspectivas. Vaia por diante o agradecemento á Xerencia polos datos, e o ofrecemento desta comisión a colaborar na nosa medida a manter o mellor rumbo posible.

Tamén se refire ás Normas de execución do próximo orzamento 2025, que “solicitamos sexan remitidas ao Consello Social antes da súa aprobación no Consello de Goberno,” para que posibles intervencións ou correccións non teñan que producirse sobre feitos consumados, como ocorreu o pasado ano, ademais de solicitar que se teñan en conta no próximo documento as modificacións propostas na reunión de decembro de 2023 e que non se puideron incorporar ao orzamento de 2024 por estar o documento pechado.

De seguido manifesta que ver os orzamentos plurianuais das tres sociedades participadas e a evolución durante 2024 pode ser de utilidade para comprobar o seu estado e os seus plans futuros, e para valorar a posible promoción de actividades dirixidas á comunidade universitaria e ao entorno empresarial galego.

Lembra asuntos pendentes das últimas reunións, entre eles o seguimento e recadación dos saldos de dubidoso cobro, o retorno dos fondos existentes en FEUGA ás contas da Universidade, e a obriga de información sobre as modificacións orzamentarias.

“Por último debemos ser conscientes de que é preciso cumprir, na medida do posible, as recomendacións do informe do Consello de Contas do período analizado 2015-2018, no que analizou a situación das tres universidades galegas, e no que se nos recomendaba a solución ou mellora de certos aspectos por áreas temáticas. Lembra que no seu día “a Xerencia informounos de que se acometerían accións para solucionar eses problemas detectados” e pide que “se nos actualice esa información, para poder atender e dispor dos datos ante posibles consultas ou presenza activa e documentada en posibles foros e por alusións”.

Comunica finalmente que o número de membros da comisión pasará de sete a oito, dada a intensidade coa que está a traballar, e remata “coa triste noticia do pasamento de Gerardo Ramón Pérez Puga, que foi membro desta comisión, falecido o pasado 31 de xullo en Pontevedra. As nosas condolencias á súa familia.

PUNTO 3

Análise da evolución da conta de ingresos e gastos previa ao peche do exercicio 2024:

- *Execución de ingresos a data 30.06.2024: previsións iniciais, definitivas e dereitos recoñecidos.*
- *Execución do capítulo I de gastos a data 31.08.2024 e estimación ao peche do exercicio 2024.*
- *Execución do orzamento de gastos por capítulo a nivel de concepto diferenciando entre os gastos afectados e non afectados por fondos alleos.*
- *Informe sobre as medidas adoptadas para a contención do gasto.*

Analizada a documentación remitida pola Xerencia respecto da evolución da conta, e da que dispoñen os membros, o presidente resume que segundo as estimacións recollidas a Universidade executará en gastos de persoal a final do exercicio 2024 unha cifra aproximada de 135.250.717,92 € cun superávit de 8.446.074,08 € no capítulo 1 de gastos. Detalla que o custe do persoal investigador alcanzará a cifra de 14.085.899,14 € polo que do total orzado de 143.696.792,00 € no capítulo 1, quedaría a cantidade de 129.610.892,86 € para sufragar os gastos da masa salarial. A universidade executou no exercicio 2023 a cifra de 133.132.655,94 € en todo o capítulo 1, o que suporía un incremento de só un 1,59% respecto do exercicio precedente. Juan Manuel Vieites espera que as previsións sexan realistas e poidanse cumprir, se ben o ve “dubidoso” cando só quedan tres meses. Confésase sorprendido polo superávit que se amosa.



En canto aos ingresos e segundo o mesmo informe, o presidente observa que hai unha boa execución e que avanza que os ingresos recoñecidos en agosto van a bo ritmo e que, a pesar dunha sobreestimación de custos indirectos, os intereses recibidos pola devolución do IVE e pola tesouraría depositada cobren de sobra este pequeno desfase.

Respecto da execución do orzamento de gastos -á espera de recibir a evolución prevista do capítulo 1 e que a execución dos proxectos de investigación e gastos se executa na súa maior parte entre os meses de setembro e outubro- o presidente destaca que:

- No concepto de subministracións obsérvase unha execución superior á prevista para todo o exercicio, e considera que sería bo coñecer o motivo deste desfase, para saber se é polo prezo das subministracións (electricidade, gas ou gasóleo) ou se é polo consumo realizado ata a data.
- No concepto traballos realizados por empresas, a data do 31/08/2024 chama a atención o alto nivel de execución que alcanza o 93 % dos créditos definitivos.
- En canto a Investimentos en infraestruturas destaca o baixo nivel de execución destas (24,40%), polo que estima convinte coñecer os motivos, se é por falta de execución, atraso nas licitacións ou modificación das anualidades previstas para as mesmas.

Durante a sesión, a xerente presentou unhas gráficas sobre o estado de execución do orzamento de ingresos, os ingresos estimados por taxas de matrículas, o estado de execución do orzamento de gastos e unha comparativa da execución do capítulo 1 en 2022, 2023 e 2024 na que, no referido á masa salarial, obsérvase como xa no 2023 a Universidade incumpriu o límite de masa salarial autorizado na cifra de 980.287,40 € unha vez descontado o efecto da aplicación das subidas salariais por lei. Para o exercicio 2024 espérase incumplir a masa salarial en 2.306.286,12 €, o que incrementa o desfase entre o total autorizado pola Xunta de Galicia e a execución real. A xerencia amosou tamén na reunión un gráfico no que se recollen datos das xubilacións previstas para os próximos anos, no que se pretende indicar que o aforro por xubilacións pode favorecer o minimizar este desaxuste. Descoñécese o custo da política de recursos humanos para os próximos exercicios, co cal non se poden acadar conclusións neste punto e solicítase á xerencia da Universidade que tome as medidas necesarias para intentar cumprir cos límites de masa salarial e que en todo caso minimize este desfase.

Concluída a exposición participan os presentes nunha rolda de opinións que converxen en amosar a preocupación polo capítulo 1, sinalando Jesús Graña que "a única solución é retraer o gasto". Conclúe o presidente que é preciso conter o gasto, e que o informe de medidas que presenta a Xerencia para facelo está cumprindo co afirmado en xuntanzas anteriores, realizando un esforzo nas liñas máis importantes para a contención do gasto e iniciando accións para a solución dos temas pendentes que preocupaban a esta comisión, como é o do inventario e a recadación dos saldos de dubidoso cobro. Yolanda Lesmes comparte a preocupación e, á pregunta de Emilio Zunzunegui, resposta que son propostas que traslada ao equipo reitoral, ao que lle agradece a súa receptividade.

Juan Manuel Vieites agradece o esforzo da Xerencia e ofrece a colaboración da comisión na medida que sexa precisa para acadar o éxito nestas accións. "Pero non é suficiente -engade- hai que facer máis. No capítulo 1 hai que frear o gasto. E imprescindible. Vense esforzos pero hai que seguir porque se ven riscos".

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 4

Informe sobre as causas da baixada no número de licitacións da Universidade de Vigo.

A xerente informa na mesma sesión e de xeito oral das continxencias e das posibles causas do descenso detectado, entre elas os contratos plurianuais ou que en 2023 non se prevían grandes medidas de inversión. Pormenoriza sobre a incidencia dos mantementos, da influencia do ámbito da investigación no que falta crédito para licitar, ou do importe máximo das licitacións como efecto disuasorio. Prevé que a cifra volva a aumentar o próximo ano e anuncia que se está a potenciar unha cultura da licitación. Cita algunhas posibles licitacións e engade que non se farán ata ter claro o orzamento.



Neste mesmo punto Yolanda Lesmes presentou un informe sobre a actividade do Servizo de Contratación Administrativa, no que se observa un descenso do 35,19% no número de licitacións tramitadas polo servizo. Tamén se mostran datos sobre a execución orzamentaria tramitada, porcentaxes e distribución entre tipos de licitacións.

O presidente propón solicitar novamente información máis precisa, e pide á Xerencia que informe por escrito no que se aclare se este descenso observado nas contas anuais dos últimos exercicios é derivado dunha menor necesidade de licitacións, de falta de recursos asignados ao servizo ou doutro motivo non indicado.

- ***Acórdase solicitar á Xerencia unha explicación máis precisa e por escrito sobre as causas.***

PUNTO 5

Seguimento da evolución económica das sociedades participadas pola Universidade de Vigo: CUSA, FUVI e CITEXVI.

Revisada a documentación recibida de cada unha das sociedades, Juan Manuel Vieites afirma respecto de **CUSA** que o informe revela que a sociedade está cumprindo o seu orzamento aprobado en Consello de Administración, e que espera pechar o exercicio 2024 mellor do estimado. No tocante á demanda exposta pola empresa adxudicataria anterior, manifesta a súa preocupación en caso de sentenza desfavorable, polo que solicita á xerencia da Universidade que expoñan nos órganos de dirección da sociedade os diferentes escenarios para ter as posibles solucións analizadas en caso de perder esta demanda. Martiño esténdese na valoración técnica das circunstancias xurídicas que concorren.

Yolanda Lesmes recoñece que o conflito xurídico é un problema sobre o que se expuxeron distintas alternativas no último Consello de Administración. Dada a incerteza pola situación, ábrese unha rolda de opinións sobre a demanda, posibles consecuencias, distintos escenarios, posibilidades de negociación e opcións de arranxo, cunha posición maioritaria dos presentes favorable a intentar un acordo.

- ***A comisión dáse por informada.***

Respecto da **FUVI** subliña o presidente que se recibiu a execución do orzamento 2024 pero non se pode analizar se a actividade da Fundación presenta unha correcta execución xa que os datos presentados amosan unha grande desviación. Entende que esta desviación ven derivada de que parte dos ingresos recíbense no último cuadrimestre do ano pero carécese de información para valorar se a evolución é coherente. A xerente apunta que a sociedade está agora máis dinamizada e salienta a Escola de idiomas "que vai moi ben".

- ***Acordase solicitar á FUVI unha previsión de peche para valorar a situación do exercicio 2024 en termos económicos.***

No tocante a **CITEXVI**, o presidente considera que a evolución do orzamento 2024 e a previsión de peche tamén son mellores que as estimacións aprobadas no seu Consello de Administración.

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 6

Aprobación, se procede, da participación da UVigo na SpinOff GAL4TIC.

Explica o presidente as principais características do proxecto da empresa para a que se pide o recoñecemento como spin off da Universidade de Vigo, cunha patente de Navantia (78,1%) UVigo (20%) e UDC (1,9%), e na que a Universidade de Vigo adquire unha participación do 4%. Informa o secretario que a proposta de aprobación foi remitida ao Consello Social directamente dende o Consello de Goberno, sen comunicación previa da Vicerreitoría de Investigación.

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 7

Aprobación, se procede, da asignación de complementos de recoñecemento:

- *ao labor docente e investigador (B-23 - remesa única rectificada de 24.05.2024).*
- *á excelencia curricular docente e investigadora (C-23 - remesa única de 02.07.2024).*
- *polos cargos de xestión (1ª remesa de 10.05.2024; 2ª remesa de 06.06.2024; e rectificación vía recurso da 2ª remesa de 03.07.2024).*

Exposto este punto e as competencias que asume o Consello Social na súa tramitación, previa resolución da ACSUG elevada polo Reitor, os presentes intercambian impresións sobre o impacto e a repercusión que teñen estas asignacións no cálculo da financiación.

- ***Apróbase a asignación.***

PUNTO 8

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2024.

Varias intervencións poñen en valor que por fin os convenios que o precisan achéguese co correspondente informe da Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTO 9

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18:55 horas do 25 de setembro de 2024, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,
Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
(Asinado dixitalmente)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)